

CUESTIÓNS DO TEMA 7 AS CIVILIZACIÓNS URBANAS: MESOPOTAMIA E EXIPTO

1) Por que as primeiras civilizacións foron chamadas “Civilizacións Fluviais”?

Porque estas primeiras civilizacións comparten como mesma característica xeográfica, a presenza de ríos que exercían unha influencia positiva sobre os rendementos agrícolas, dado que as crecidas anuais deixaban unhas terras moi fértils nas beiras.

- Mesopotamia, era un territorio marcado polos ríos Tigris e Éufrates
- Exipto, estaba marcado polo río Nilo

2) Cales foron os principais cambios socioeconómicos que ocorreron nestas civilizacións?

- Aumento da produción agrícola que deu lugar a aparición de “excedentes”
- Xurdiron novos oficios (alfareiros, ourives), e novos grupos sociais
- Os excedentes agrarios favoreceron e potenciaron o comercio e os transportes.

3) Que quere dicir que estas civilizacións tiñan unha estrutura de goberno de carácter “Teocrático”?

Que tiñan un tipo de goberno, no que o Rey (o Faraón, no caso de Exipto) era identificado coa divindade e na que os sacerdotes tiñan moito poder.

MESOPOTAMIA

4) Por que foi tan importante o xurdimento da escritura en Mesopotamia no ano 3300 a C?

Porque ademais de satisfacer as necesidades contables dos estados, a escritura serviu para o desenvolvemento da cultura e da ciencia, e deu lugar á aparición das primeiras bibliotecas.

5) Menciona cinco pobos que formaron parte da historia de Mesopotamia.

Sumerios Acadios Asirios Babilonios Persas

6) En que se baseaba a economía de Mesopotamia?

A agricultura era actividade económica principal. Aproveitaba a fertilidade do solo causada polos ríos e obtiña sobre todo cereais e hortalizas.

Tamén dedicábanse a gandería (sobre todo ovina), a artesanía e o comercio (exportaban sobre todo cereais e importaban produtos coma ouro de Exipto).

O auxe do comercio fixo que se comenzase a empregar a moeda, substituindo en parte ao troco.

7) Debuxa unha pirámide onde aparezan os tres grupos nos que se dividía a sociedade mesopotámica.



8) Explica o que saibas sobre a “Escritura Cuneiforme”.

A escritura mesopotámica, denominada cuneiforme, elaborábase con punzóns sobre arxila húmida e nun principio servía a necesidades administrativas. A escritura permitiu tamén o desenvolvemento da literatura, destacando o *poema de Gilgamesh*; así como tamén a fixación de códigos legais como o de Hammurabi.

9) Que quere dicir que a relixión mesopotámica era politeísta?

Quería dicir que adoraban a moitos deuses. Destacan os deuses Anu (da creación) e Ishtar (deusa da guerra, do amor, da fertilidade...).

10) Explica como era a arquitectura de Mesopotamia. Que era un Zigurat?

A arquitectura de Mesopotamia era de carácter abovedado. Isto significa que empregaron elementos como o arco e a bóveda. O material máis representativo era o adobe, e en canto aos edificios , destacan os palacios e os templos.

Os Zigurats eran torres escalonadas con forma piramidal. Na parte mais alta se encontraba a que se supoñía era a morada do deus, a la que só podían acceder o sumos sacerdotes mediante grandes rampas. Constituían o punto mais sagrado dos templos.

EXIPTO

11) Onde se sitúa o marco xeográfico da civilización exipcia?

A civilización exipcia nace, fai mais de 5000 anos ao noreste de África, xunto ao río Nilo. Territorio bañado polo mar Mediterráneo ao Norte e polo mar Roxo ao Leste.

O río Nilo atravesaba Exipto de sur a norte y era a principal fonte de vida para a súa poboación. As súas augas abastecían as persoas, eran unha vía de comunicación e regaban os campos.

12) En que se baseaba a economía Exipcia?

A economía exipcia baseábase nunha agricultura de grandes rendementos, debido tanto ao desbordamento do río Nilo como aos sistemas de regadío desenvolvidos polos exipcios para aproveitar a auga. Os principais produtos eran os cereais, a vide, a oliveira, o liño.

Outras actividades económicas complementarias eran a gandería (sobre todo bovina), a artesanía (cerámica, tecidos, papiro...) e o comercio.

13) Quen era o Faraón na sociedade exipcia?

O faraón era o máximo dirixente. Posuidor de terras e persoas, gozaba dun poder absoluto, ademais era identificado como un deus vivo.

14) Como era a situación da muller na sociedade Exipcia?

Na sociedade as mulleres e os homes eran iguais ante a lei, as mulleres podía xestionar o seu patrimonio e mesmo chegaron a ocupar cargos de poder (raíñas).

15) Como se chamaba o sistema propio de escritura desenvolvido polos exipcio?

Escritura Xeroglífica

16) Explica o que saibas sobre a relixión exipcia.


Eran politeístas e crían en moitos deuses que mesturaban trazos humanos e animais. Era de gran relevancia a crenza na vida despois da morte, feito que explica a momificación e a construción de monumentais tumbas como as pirámides.

17) Cales eran as características da arquitectura exipcia?

A arquitectura exipcia caracterízase por ser alintelada, isto é baseada en liñas verticais e horizontais (columnas e linteis) e sen arcos nin bóvedas. O material fundamental era a pedra . Destacan dous tipos de edificios, ambos co trazo común do colosalismo:

- Templos
- Tumbas

18) Sinala as partes dun templo exipcio: Pilonos, Patio interior, Sala Hipostila, Camara del Dios.



19) Que tres tipos de tumbas se desenvolveron ao longo da historia de Exipto?

- Mastabas (construcións en forma de pirámide truncada).
- Pirámides
- Hipoxeos (tumbas escavadas na rocha).

20) Que era o “Hieratismo” na escultura exipcia?

Era unha forma de representar as estatuas de maneira estática (sen movemento), ríxidas e idealizadas (non mostran o corpo como era en realidade, senón como debería ser). O que buscaban, era recalcar o carácter sagrado dos personaxes.